

Asunto: Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias do Concello do Pereiro de Aguiar en materia de xestión recadatoria.

Trámite: Moción da Presidencia.

Data: 27 de xaneiro de 2016.

Con data 18 de xaneiro de 2016 tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial un acordo do Concello do Pereiro de Aguiar polo que se delegan na Deputación Provincial o exercicio das seguintes competencias:

- a) En primeiro lugar, a xestión recadatoria das multas coercitivas que o concello poida impoñer para execución forzosa de actos municipais.
- b) En segundo lugar, a execución forzosa de actos municipais ditados en expedientes de reposición da legalidade urbanística.

Aínda que por parte da Deputación Provincial non existe ningún problema en aceptar a delegación da xestión recadatoria de multas coercitivas, en cambio a delegación do exercicio das competencias de execución forzosa de todos os actos administrativos municipais ditados en expedientes de reposición da legalidade urbanística, non é posible asumilo neste momento, dado que a Deputación non dispón dos medios para asumir xenericamente a execución subsidiaria de todos os expedientes de reposición da legalidade que poida tramitar o concello.

Polo exposto, e sen prexuízo de que quede aberta a posibilidade de aceptar delegacións futuras das competencias de execución forzosa referidas a expedientes concretos, por parte desta Presidencia propónse que, trala declaración da urxencia do asunto, o Pleno adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación do exercicio das competencias de xestión recadatoria das multas coercitivas para execución de actos administrativos municipais, adoptada polo Concello do Pereiro de Aguiar mediante acordo do 4 de decembro de 2015, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. A dita delegación rexerá polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de

competencias en materia de xestión recadatoria, así como polo disposto na lexislación vixente en materia de recadación de ingresos de dereito público.

2º.- Rexeitar a delegación do exercicio das competencias de execución forzosa (mediante medios diferentes á multa coercitiva) de actos municipais en procedementos de reposición da legalidade urbanística, data a actual carencia de medios da Deputación Provincial para asumir con carácter xenérico a dita delegación

Ourense, 27 de xaneiro de 2016

O PRESIDENTE,